



culture 21

Agenda 21 for culture
Agenda 21 de la culture
Agenda 21 de la cultura

Cidades e Governos Locais Unidos -
Comisión de cultura

Axenda 21 da cultura



Ajuntament de Barcelona
Institut de Cultura



United Cities and Local Governments
Cités et Gouvernements Locaux Unis
Ciudades y Gobiernos Locales Unidos

CIDADES E GOBERNOS LOCAIS UNIDOS-
COMISIÓ DE CULTURA

Axenda 21 da cultura



Ajuntament de Barcelona
Institut de Cultura



United Cities and Local Governments
Cités et Gouvernements Locaux Unis
Ciudades y Gobiernos Locales Unidos



culture 21

Agenda 21 for culture
Agenda 21 de la cultura
Agenda 21 de la cultura

A Agenda 21 da cultura é o primeiro documento, con vocación mundial, que aposta por establecer as bases dun compromiso das cidades e dos gobernos locais para o desenvolvemento cultural.

A Agenda 21 da cultura foi aprobada por cidades e gobernos locais de todo o mundo comprometidos cos dereitos humanos, a diversidade cultural, a sostibilidade, a democracia participativa e a xeración de condicións para a paz. A súa aprobación produciuse o 8 de maio de 2004 en Barcelona, polo IV Foro de Autoridades Locais para a Inclusión Social de Porto Alegre, no marco do primeiro Foro Universal das Culturas.

A organización mundial Cidades e Gobernos Locais Unidos (CGLU) adoptou a Agenda 21 da cultura como documento de referencia dos seus programas de cultura, e asumiu un papel de coordinación do proceso posterior á súa aprobación. A Comisión de cultura de CGLU é o punto de encontro de cidades, gobernos locais e redes que sitúan a cultura no centro dos seus procesos de desenvolvemento.

Un crecente número de cidades e gobernos locais do mundo enteiro aprobou a Agenda 21 da cultura nas súas instancias de goberno. O proceso suscitou o interese das organizacións internacionais, os gobernos nacionais e mais a sociedade civil.



Traducción do texto: Servizo de Normalización
Lingüística da UDC - Universidade da Coruña

AXENDA 21 DA CULTURA

Un compromiso das cidades e dos gobernos locais para o desenvolvemento cultural

Nós, cidades e gobernos locais do mundo, comprometidos cos dereitos humanos, coa diversidade cultural, coa sustentabilidade, coa democracia participativa e coa xeración de condicións para a paz, reunidos en Barcelona os días 7 e 8 de maio de 2004, no IV Foro de Autoridades Locais para a Inclusión Social de Porto Alegre, no marco do Foro Universal das Culturas – Barcelona 2004, aprobamos esta Axenda 21 da cultura como documento orientador das políticas públicas de cultura e como contribución ao desenvolvemento da humanidade.

I. Principios

1. A diversidade cultural é o principal patrimonio da humanidade. É o produto de miles de anos de historia, froito da contribución colectiva de todos os pobos, a través das súas linguas, dos seus imaxinarios, das súas tecnoloxías, das súas prácticas e das súas creacións. A cultura adopta formas distintas, que sempre responden a modelos dinámicos de relación entre sociedades e territorios. A diversidade cultural contribúe a unha “existencia intelectual, afectiva, moral e espiritual máis satisfactoria para todas as persoas” (Declaración universal da UNESCO sobre a diversidade cultural, artigo 3) e constitúe un dos elementos esenciais de transformación da realidade urbana e social.
2. Existen claras analogías políticas entre as cuestións culturais e ecolóxicas posto que, tanto a cultura como o medio ambiente, son bens comúns da humanidade. A preocupación ecolóxica nace da constatación dun modelo de desenvolvemento económico excesivamente depredador dos recursos naturais e dos bens comúns da humanidade. Río de Xaneiro, 1992, Aalborg, 1994, e Xohanesburgo, 2002 constituíron os principais fitos dun proceso que intenta dar resposta a un dos retos máis importantes da humanidade, a sustentabilidade ecolóxica. A situación actual presenta evidencias suficientes que a diversidade cultural no mundo se atopa en perigo debido a unha mundialización estandarizadora e excluínte. A UNESCO afirma: “Fonte de intercambios, fonte de innovación e de creatividade, a diversidade cultural é tan necesaria para o xénero humano como a biodiversidade para os seres vivos” (Declaración universal da UNESCO sobre a diversidade cultural, artigo 1).
3. Os gobernos locais recoñecen que os dereitos culturais forman parte indisoluble dos dereitos humanos e toman como referencia básica a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948), o Pacto Internacional Relativo aos Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (1966) e a Declaración Universal da UNESCO sobre Diversidade Cultural (2001). Neste sentido, ratifícase que a liberdade cultural dos individuos e das comunidades resulta unha condición esencial da democracia. Ningunha persoa pode invocar a diversidade cultural para atentar contra os dereitos humanos garantidos polo dereito internacional nin para limitar o seu alcance.
4. Os gobernos locais constitúense como axentes mundiais de primeira orde, como defensores e promotores do avance dos dereitos humanos. Ademais son portavoces da cidadanía mundial e maniféstanse a favor de sistemas e de institucións internacionais democráticos. Os gobernos locais traballan conxuntamente en rede, intercambia prácticas, experiencias e mais coordinan as súas accións.
5. O desenvolvemento cultural apóiase na multiplicidade dos axentes sociais. Os principios dun bo goberno inclúen a transparencia informativa e a participación cidadá na concepción das políticas culturais, nos procesos de toma de decisións e na avaliación de programas e de proxectos.

-
6. A indispensable necesidade de crear as condicións para a paz debe camiñar xunto ás estratexias de desenvolvemento cultural. A guerra, o terrorismo, a opresión e a discriminación son expresións da intolerancia que deben ser condenadas e erradicadas.
 7. As cidades e os espazos locais son un marco privilexiado da elaboración cultural en constante evolución e constitúen os ámbitos da diversidade creativa, onde a perspectiva do encontro de todo aquilo que é diferente e distinto (procedencias, visións, idades, xéneros, etnias e clases sociais) fai posible o desenvolvemento humano integral. O diálogo entre identidade e diversidade, individuo e colectividade, revélase como a ferramenta necesaria para garantir tanto unha cidadanía cultural planetaria como a supervivencia da diversidade lingüística e o desenvolvemento das culturas.
 8. A convivencia nas cidadanías implica un acordo de responsabilidade conxunta entre cidadanía, sociedade civil e gobernos locais. O ordenamento xurídico resulta fundamental mais non pode ser a única regulación da convivencia nas cidades. Como afirma a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (artigo 29): “Toda persoa ten deberes respecto á comunidade, posto que só nela pode desenvolver libre e plenamente a súa personalidade”.
 9. O patrimonio cultural, tanxible e intanxible, é o testemuño da creatividade humana e o substrato da identidade dos pobos. A vida cultural contén simultaneamente a riqueza de poder apreciar e atesourar tradicións dos pobos, coa oportunidade de permitir a creación e a innovación das súas propias formas. Esta característica rexeita calquera modalidade de imposición de patróns culturais ríxidos.
 10. A afirmación das culturas, así como o conxunto das políticas que se puxeron en práctica para o seu recoñecemento e a súa viabilidade, constitúe un factor esencial no desenvolvemento sustentable de cidades e de territorios no aspecto humano, económico, político e social. O carácter central das políticas públicas de cultura é unha esixencia das sociedades no mundo contemporáneo. A calidade do desenvolvemento local require a imbricación entre as políticas culturais e as demais políticas públicas -sociais, económicas, educativas ambientais e urbanísticas.
 11. As políticas sociais deben atopar un punto de equilibrio entre interese público e privado, vocación pública e institucionalización da cultura. Unha excesiva institucionalización, ou a excesiva prevalencia do mercado como único asignador de recursos culturais, comporta riscos e obstaculiza o desenvolvemento dinámico dos sistemas culturais. A iniciativa autonómica dos cidadáns, individualmente ou reunidos en entidades e movementos sociais, é a base da liberdade cultural.
 12. A adecuada valoración económica da creación e da difusión dos bens culturais –de carácter afeccionado ou profesional, artesanal ou industrial, individual e colectivo- convértese, no mundo contemporáneo, nun factor decisivo de emancipación, de garantía da diversidade e, por tanto, nunha conquista do dereito democrático dos pobos para afirmar as súas identidades nas relacións entre as culturas. Os bens e os servizos culturais, tal como afirma a Declaración universal da UNESCO sobre a diversidade cultural (artigo 8), “por ser portadores de identidade, de valores e de sentido, non deben ser consideradas mercadorías ou bens de consumo como os demais”. É necesario salientar a importancia da cultura como factor de xeración de riqueza e de desenvolvemento económico.
 13. O acceso ao universo cultural e simbólico en todos os momentos da vida, desde a infancia ata a vellez, constitúe un elemento fundamental de formación da sensibilidade, da expresividade, da convivencia e da construción de cidadanía. A identidade cultural de todo individuo é dinámica.
 14. A apropiación da información e a súa transformación en coñecemento por parte dos cidadáns é un acto cultural. Por tanto, o acceso sen distincións aos medios de expresión, tecnolóxicos e de comunicación e a constitución de redes horizontais fortalece e alimenta a dinámica das culturas locais e enriquece o acervo colectivo dunha sociedade que se basea no coñecemento.

-
15. O traballo é un dos principais ámbitos da creatividade humana. A súa dimensión cultural debe ser recoñecida e desenvolvida. A organización do traballo e a implicación das empresas na cidade ou no territorio deben respectar esta dimensión como un dos elementos fundamentais da dignidade humana e do desenvolvemento sustentable.
 16. Os espazos públicos son bens colectivos que pertencen a todos os cidadáns. Ningún individuo ou grupo pode verse privado da súa libre utilización, dentro do respecto ás normas adoptadas en cada cidade.

II. Compromisos

17. Establecer políticas que fomenten a diversidade cultural co fin de garantir a amplitude da oferta, e fomentar a presenza de todas as culturas, e especialmente das minoritarias ou dos desprotexidas nos medios de comunicación e de difusión, fomentar as coproducións e mais os intercambios e evitar posicións hexemónicas.
18. Apoiar e promover, mediante diferentes medios e instrumentos, o mantemento e a ampliación dos bens e dos servizos culturais e procurar a universalización do acceso a estes, a ampliación da capacidade creativa de todos os cidadáns, a riqueza que representa a diversidade lingüística, a esixencia artística, a procura de novas formas de expresividade e a experimentación coas novas linguaxes, a reformulación e a interacción das tradicións, os mecanismos de xestión cultural que detecten os novos movementos culturais, o novo talento artístico e o potencien para que poida chegar á súa plenitude. Os gobernos locais manifestan o seu compromiso coa xeración e a ampliación de públicos e a participación cultural como elementos dunha cidadanía plena.
19. Implementar os instrumentos apropiados para garantir a participación democrática dos cidadáns na formulación, no exercicio e na avaliación das políticas públicas de cultura.
20. Garantir o financiamento público da cultura mediante os instrumentos necesarios. Entre eles cabe destacar o financiamento directo de programas e de servizos públicos, o apoio a actividades de iniciativa privada a través de subvencións así como aqueles modelos máis novos como microcréditos, fondos de risco etc. Igualmente, cabe contemplar o establecemento de sistemas legais que faciliten incentivos fiscais ás empresas que invistan na cultura, sempre tendo en conta o respecto ao interese público.
21. Constituír espazos de diálogo entre as diferentes opcións espirituais e relixiosas que conviven no territorio local e destas co poder público, co fin de asegurar o dereito de libre expresión e unha convivencia harmónica.
22. Promover a expresividade como unha dimensión básica da dignidade humana e da inclusión social, sen prexuízo de razóns de xénero, de idade, de etnia, de discapacidade, de pobreza ou de calquera outra discriminación que imposibilite o pleno exercicio das liberdades. A loita contra a exclusión é a loita pola dignidade de todas as persoas.
23. Promover a continuidade e o desenvolvemento das culturas locais orixinarias, portadoras dunha relación histórica e interactiva co territorio.
24. Garantir a expresión e a participación das persoas con culturas procedentes da inmigración ou arraigadas orixinariamente noutros territorios. Ao mesmo tempo, os gobernos locais comprométese a pór os medios para que as persoas inmigrantes accedan á cultura da comunidade de acollida e participen nela. Este compromiso recíproco é o fundamento dos procesos de convivencia e de interculturalidade que, de feito, sen este nome, contribuíu a configurar a identidade de cada cidade.
25. Promover a implementación de formas de “avaliación do impacto cultural” para considerar, con carácter preceptivo, as iniciativas públicas ou privadas que impliquen cambios significativos na vida cultural das cidades.

-
26. Considerar os parámetros culturais na xestión urbanística e en toda planificación territorial e urbana, establecendo leis, normas e os regulamentos necesarios que aseguren a protección do patrimonio cultural e local e a herdanza das xeracións antecesoras.
 27. Promover a existencia dos espazos públicos da cidade e fomentar o seu uso como lugares culturais de relación e de convivencia. Promover a preocupación pola estética dos espazos públicos e nos equipamentos colectivos.
 28. Implementar accións que teñan como obxectivo a descentralización das políticas e dos recursos destinados á área cultural, lexitimando a orixinalidade creativa das chamadas periferias, favorecendo os sectores sociais vulnerables, defendendo o principio do dereito á cultura e ao coñecemento de todos os cidadáns sen discriminacións de ningún tipo. Esta determinación non haberá de esquivar as responsabilidades centrais e, particularmente, as que refiren ao necesario financiamento que require todo proxecto de descentralización.
 29. Promover, particularmente, a coordinación entre as políticas culturais dos gobernos locais que comparten un mesmo territorio, nun diálogo que valorice a identidade de cada un, a súa contribución ao conxunto e a eficiencia dos servizos postos a disposición da cidadanía.
 30. Potenciar o papel estratéxico das industrias culturais e os medios de comunicación locais, pola súa contribución á identidade local, á continuidade creativa e á creación de emprego.
 31. Promover a socialización e o acceso á dimensión dixital dos proxectos e do acervo cultural local ou universal. As tecnoloxías da información e a comunicación débense utilizar como ferramentas capaces de pór o coñecemento cultural ao alcance de todos os cidadáns.
 32. Implementar políticas que teñan como obxectivo a apertura de medios de comunicación públicos no ámbito local, así como o seu desenvolvemento de acordo cos intereses da comunidade seguindo os principios de pluralidade, de transparencia e de responsabilidade.
 33. Xerar os mecanismos, os instrumentos e os recursos para garantir a liberdade de expresión.
 34. Respetar e garantir os dereitos morais dos autores e dos artistas e a súa xusta remuneración.
 35. Invitar a creadores e artistas a comprometérense coas cidades e cos territorios; identificando problemas e conflitos da nosa sociedade, mellorando a convivencia e a calidade de vida, ampliando a capacidade creativa e crítica de todos os cidadáns e, moi especialmente, cooperando para contribuír á resolución dos retos das cidades.
 36. Establecer as políticas e os investimentos que fomenten a lectura e a difusión do libro, así como o pleno acceso de toda a cidadanía á produción literaria global e local.
 37. Favorecer o carácter público e colectivo da cultura, fomentando o contacto dos públicos na cidade en todas aquelas manifestacións que facilitan a convivencia: espectáculos en vivo, cine, festas etc.
 38. Xerar instancias de coordinación entre as políticas culturais e educativas, impulsando o fomento da creatividade e mais da sensibilidade e a relación entre as expresións culturais do territorio e o sistema educativo.
 39. Garantir o goce dos bens e dos servizos culturais ás persoas con discapacidade, facilitando o acceso destas persoas aos equipamentos e ás actividades culturais.
 40. Promover as relacións entre equipamentos culturais e entidades que traballan co coñecemento, as universidades, os centros de investigación e as empresas investigadoras.
 41. Fomentar os programas dirixidos a divulgar a cultura científica e a tecnoloxía entre todos os cidadáns, especialmente, se se considera que as posibles aplicacións dos novos coñecementos científicos xeran cuestións éticas, sociais, económicas e políticas que son de interese público.

-
42. Establecer instrumentos legais e implementar accións de protección do patrimonio cultural por medio de inventarios, de rexistros, de catálogos e de todo tipo de actividades de promoción e de difusión como exposicións, museos, itinerarios etc.
 43. Protexer, revalorizar e difundir o patrimonio documental xerado no ámbito da esfera pública local/ rexional, por iniciativa propia ou asociándose con entidades públicas e privadas, incentivando a creación de sistemas municipais e rexionais con esta finalidade.
 44. Traballar para abrir ao libre descubrimento dos patrimonios culturais aos habitantes de todas as rexións do planeta. Así mesmo promover, en relación cos profesionais do sector, un turismo respectuoso coas culturas e cos costumes das localidades e dos territorios visitados.
 45. Desenvolver e implementar políticas que afonden nos procesos de multilateralidade, baseados no principio da reciprocidade. A cooperación cultural internacional é unha ferramenta indispensable na constitución dunha comunidade humana solidaria, que promove a libre circulación de artistas e de operadores culturais especialmente a través da fronteira norte-sur, como unha contribución esencial para o diálogo entre os pobos, para a superación dos desequilibrios provocados polo colonialismo e para a integración interrexional.

III. Recomendacións

AOS GOBERNOS LOCAIS

46. Invitar a todos os gobernos locais a someter este documento á aprobación dos órganos de goberno municipal e a realizaren un debate máis amplo coa sociedade local.
47. Asegurar a centralidade da cultura no conxunto das políticas locais, impulsando a redacción de axendas 21 da cultura en cada cidade ou territorio, en coordinación estreita cos procesos de participación cidadá e planificación estratéxica.
48. Realizar propostas de concertación sobre os mecanismos de xestión da cultura cos outros niveis institucionais respectando o principio de subsidiariedade.
49. Realizar, antes do ano 2006, unha proposta de sistema de indicadores culturais que dea conta do despregamento desta Axenda 21 da Cultura, a partir de métodos xerais de maneira que se poida facilitar o seguimento e a comparabilidade.

AOS GOBERNOS DE ESTADOS E DE NACIÓNS

50. Establecer os instrumentos de intervención pública no campo cultural tendo en conta o aumento das necesidades cidadás relacionadas con este campo, a insuficiencia de programas e de recursos actualmente existentes e a importancia da desconcentración territorial nas asignacións orzamentarias. Así mesmo, é preciso traballar para asignar un mínimo dun 1% do orzamento nacional para a cultura.
51. Establecer os mecanismos de consulta e de concertación cos gobernos locais, directamente, ou mediante as súas redes e federacións, no establecemento de novas lexislacións, de novas regulamentacións e de novos sistemas de financiamento no campo cultural.
52. Evitar a asinatura de acordos comerciais que condicionen o libre desenvolvemento da cultura e o intercambio de bens e de servizos culturais en igualdade de condicións.
53. Aprobar disposicións legais para evitar a concentración das industrias da cultura e da comunicación, e promover a colaboración, especialmente no ámbito da produción, coas instancias locais e rexionais.

-
54. Garantir a axeitada mención da orixe dos bens culturais expostos nos nosos territorios e adoptar medidas para impedir o tráfico ilícito de bens pertencentes ao patrimonio histórico doutros pobos.
 55. Aplicar a escala estatal ou nacional os acordos internacionais sobre diversidade cultural, e moi especialmente a “Declaración universal da UNESCO sobre a diversidade cultural”, aprobada na 31ª Conferencia Xeral, en novembro de 2001, e o “Plan de Acción acordado na Conferencia Intergubernamental de Estocolmo (1998) sobre Políticas Culturais para o Desenvolvemento.

ÁS ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS

ORGANIZACIÓNS DE CIDADES

56. A Cidades e Governos Locais Unidos, adoptaren esta Axenda 21 da cultura como documento de referencia dos seus programas culturais e asumiren un papel de coordinación do proceso posterior á súa aprobación.
57. Ás redes continentais de cidades e gobernos locais (especialmente aquelas que impulsaron a concreción desta Axenda 21 como Interlocal, Eurocities, Sigma, Mercocidades, entre outras), consideraren este documento dentro dos seus programas de acción política e técnica.

AXENCIAS E PROGRAMAS DE NACIÓNS UNIDAS

58. Á UNESCO, recoñecer esta Axenda 21 da cultura como documento de referencia ou a Convención sobre a Diversidade Cultural prevista para 2005.
59. Á UNESCO, recoñecer as cidades como os territorios onde se traducen os principios da diversidade cultural, especialmente aqueles aspectos relacionados coa convivencia, a democracia e a participación, e establecer os mecanismos de participación dos gobernos locais nos seus programas.
60. Ao Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), afondar nas análises sobre cultura e desenvolvemento e incorporar indicadores culturais nos cálculos do índice de desenvolvemento humano (IDH).
61. Ao Departamento de Asuntos Económicos e Sociais – División de Desenvolvemento Sustentable, como responsable do seguimento da Axenda 21, desenvolver unha dimensión cultural da sustentabilidade seguindo os principios e os comportamentos desta Axenda 21 da Cultura.
62. A Nacións Unidas – HABITAT, considerar este documento como fundamentación da importancia da dimensión cultural das políticas urbanas.
63. Ao Comité de Nacións Unidas para os Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, incluír a dimensión urbana nas súas análises das relacións entre os dereitos culturais e o resto de dereitos humanos.

ORGANIZACIÓNS INTERGOBERNAMENTAIS E SUPRANACIONAIS

64. Á Organización Mundial do Comercio, excluír os bens e os servizos culturais das súas roldas de negociación. As bases dos intercambios de bens e de servizos culturais deben ser establecidos nun novo instrumento xurídico internacional como a Convención sobre a Diversidade Cultural prevista para o 2005.
65. Ás organizacións continentais (Unión Europea, Mercosur, Unión Africana, Asociación de Nacións do Sueste Asiático), incorporar a cultura como esteo básico da súa construción. Respectando as competencias nacionais e a subsidiariedade, é necesaria unha política cultural continental baseada nos principios da lexitimidade da intervención pública na cultura, na diversidade, na participación, na democracia e no traballo en rede.

-
66. Aos organismos multilaterais establecidos a partir de afinidades culturais (por exemplo, Consello de Europa, Liga de Estados Árabes, Organización de Estados Iberoamericanos, Organización Internacional da Francofonía, Commonwealth, Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, Unión Latina) promover diálogos e proxectos conxuntos que permitan avanzar nunha maior comprensión entre as civilizacións e na xeración de mutuo coñecemento e confianza, base da paz.
67. Á Rede Internacional de Políticas Culturais (estados e ministros de cultura) e á Rede Internacional para a Diversidade Cultural (asociacións de artistas), considerar as cidades como territorios fundamentais da diversidade cultural, establecer os mecanismos de participación dos gobernos locais nos seus traballos e incluír os principios recollidos nesta Axenda 21 da cultura nos seus planos de actuación.

Barcelona, 8 de maio de 2004

Committee on culture – United Cities and Local Governments – UCLG

Commission de culture – Cités et Gouvernements Locaux Unis – CGLU

Comisión de cultura – Ciudades y Gobiernos Locales Unidos – CGLU

The Agenda 21 for culture is available in English, French, Spanish, Arabic, Bulgarian, Catalan, Galician, German, Italian, Japanese, Portuguese and Turkish. Committed to cultural and linguistic diversity, the Committee on culture encourages its translation into more languages.

L'Agenda 21 de la culture est disponible en anglais, français, espagnol, allemand, arabe, bulgare, catalan, galicien, italien, japonais, portugais et turc. Engagée à la diversité culturelle et linguistique, la Commission de culture encourage sa traduction dans d'autres langues.

La Agenda 21 de la cultura está disponible en inglés, francés, español, alemán, árabe, búlgaro, catalán, gallego, italiano, japonés, portugués y turco. Comprometida con la diversidad cultural y lingüística, la Comisión de cultura anima a su traducción a otras lenguas.

Edited: 31 January 2008

**United Cities and Local Governments
Cités et Gouvernements Locaux Unis
Ciudades y Gobiernos Locales Unidos**

carrer Avinyó, 15
E-08002 Barcelona
Espanya


Tel: +34 93 342 87 50
Fax: +34 93 342 87 60
info@cities-localgovernments.org
www.cities-localgovernments.org

**Ajuntament de Barcelona -
Institut de Cultura**

Palau de la Virreina - la Rambla 99
E-08002 Barcelona
Espanya

Tel: +34 933 161 000
Fax: +34 933 161 020
agenda21cultura@bcn.cat
www.bcn.cat/cultura

www.agenda21culture.net



**United Cities and Local Governments
Cités et Gouvernements Locaux Unis
Ciudades y Gobiernos Locales Unidos**



**Ajuntament de Barcelona
Institut de Cultura**